



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Colexio Oficial de  
Arquitectos de Galicia

Número 75/2020

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PARA A INTEROPERABILIDADE ENTRE O PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DE TRABALLOS PROFESIONAIS DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA E OS PROCEDIMENTOS MUNICIPAIS DE TRAMITACIÓN DE LICENZAS E OUTRAS TRAMITACIÓNS URBANÍSTICAS NOS CONCELLOS AOS QUE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PRESTA SOPORTE EN DITO ÁMBITO**

A Coruña, a 11 de decembro de 2020

**REUNIDOS**

Dunha parte Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Doutra parte, Dona Elena Ampudia Aixendri (decana presidenta e representante do Colexio no Consejo Superior de Arquitectos de España), en nome e representación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con CIF nº Q1575005B e sede na Praza da Quintana, 1, 2º -15704, Santiago de Compostela.

Ámbalas dúas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades e atribucións que por eles teñen concedidas, recoñecéndose mutuamente capacidade e lexitimación para subscribir o presente convenio, e a tal efecto:

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** O marco xurídico vixente autoriza ás Administracións públicas a subscribir convenios de colaboración con entidades de dereito público. Estes convenios son instrumentos sumamente eficaces para proporcionar un soporte legal adecuado ás actuacións de cooperación do sector público, como a que aquí se pretende.

**Segundo.-** O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é unha corporación de dereito público, con personalidade xurídica de seu e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, tal e como se establece no artigo 4 da Lei 11/2001, de 18 de setembro de Colexios Profesionais da comunidade Autónoma de Galicia. Os artigos 1 d) e 9 r) da devandita lei determinan que é un fin esencial e función propia dos colexios profesionais



de Galicia “colaborar coas administracións públicas no exercicio das súas competencias, nos termos previstos na lexislación vixente”.

Así mesmo o COAG ten entre as súas funcións visar os traballos profesionais dos arquitectos, cando así se solicite a petición expresa dos clientes, incluídas as administracións públicas cando actúen como tales, e en aqueles traballos contemplados no Real decreto 1000/2010, de 5 agosto, de visado colexial obrigatorio así como o rexistro e traballos profesionais.

**Terceiro.-** De conformidade co establecido no artigo 6.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, corresponde aos Concellos servir con obxectividade aos intereses públicos que lle están encomendados, actuando de acordo cos principios de eficacia, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

Os Concellos, para a xestión dos seus intereses, no ámbito das súas competencias promove e presta os servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, consonte ao artigo 25.2.ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 27/2013, 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, así ven desenvolvendo a súa competencia nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de “Promoción da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicacións”. Tamén exerce competencias en materia de planeamento, xestión e disciplina urbanística no marco que define a Lei 2/2016 do solo de Galicia.

**Cuarto.-** A Deputación da Coruña proporciona a un conxunto de concellos da provincia, en diante “concellos aos que dá soporte a Deputación”, solucións tecnolóxicas para a tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas. No desenvolvemento destas solucións tecnolóxicas e co fin de garantir, en todo caso, o dereito dos cidadáns a acceder electronicamente aos servizos públicos, considera de grande utilidade a posibilidade da obtención por medios electrónicos dos traballos visados a través da distribución de datos de acordo cos estándares da interoperabilidade para a tramitación administrativa das licenzas e demais xestións urbanísticas.

**Quinto.-** Resulta necesario polo tanto, definir o marco de colaboración entre as partes para cumprir os anteriores obxectivos, mediante a implantación dunha pasarela telemática para o envío e recepción dos proxectos técnicos visados.

En virtude de canto antecede, as partes intervenientes na representación que ostentan, veñen a formalizar o presente convenio de colaboración, con suxeición ás seguintes,



## ESTIPULACIÓNS

### **Primeira.-** Obxecto e descrición

O presente Convenio de Colaboración entre a Deputación da Coruña e o COAG ten por obxecto establecer mecanismos de interoperabilidade entre o procedemento de tramitación electrónica de traballos profesionais do Colexio de Arquitectos e o procedemento de tramitación de licenzas, comunicacións previas, declaracións responsables e outras xestións urbanísticas dos concellos aos que dá soporte a Deputación, posibilitando con iso a normalización, a axilización e simplificación da tramitación administrativa, así como o aforro de custos. A estes beneficios súmanse o medio ambiente e a transparencia na xestión.

Na actualidade, toda a tramitación dos traballos profesionais no Colexio de Arquitectos realízase en formato electrónico. Por outra banda, dita tramitación apóiase sobre un modelo normalizado que establece para cada traballo profesional, en correspondencia coas disposicións legais vixentes, cales son as clasificacións tipolóxicas en relación coa súa tramitación administrativa, cal é a súa estrutura documental de tramitación, así como cales son os axentes que deben asinar electronicamente a documentación que cada traballo profesional pode conter.

Por outra banda, os concellos aos que dá soporte a Deputación teñen implantado un procedemento de tramitación electrónica de expedientes que permite dar soporte á presentación e xestión da tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, dando cumprimento con iso, en particular, ás obrigas que neste sentido se establecen na normativa urbanística.

Neste contexto, xorde a oportunidade de establecer unha serie de mecanismos de interoperabilidade entre o procedemento de tramitación do Colexio de Arquitectos e os concellos aos que dá soporte a Deputación, mediado tecnoloxicamente polos sistemas da Deputación da Coruña, que posibiliten:

- A provisión da documentación técnica desde o Colexio de Arquitectos aos concellos aos que dá soporte a Deputación. A documentación técnica vinculada coa tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, a presentar polo administrado, será directamente obtida por parte do sistema de xestión do concello desde o sistema de xestión do Colexio de Arquitectos, previa autorización dos técnicos autores e da propia persoa promotora. Así, a persoa promotora ou solicitante poderá realizar a achega da documentación técnica correspondente á solicitude dunha forma máis áxil e económica, utilizando o formato electrónico con independencia de cal sexa a súa capacitación tecnolóxica.

- A normalización da documentación técnica e administrativa de carácter xeral. Esta documentación tramitada no concello atópase tipificada, estruturada e



asinada conforme ao modelo normalizado que o Colexio de Arquitectos se encarga de ter adecuadamente actualizado en correspondencia coas disposicións legais vixentes de carácter xeral.

- A garantía sobre a identidade e habilitación dos técnicos redactores no caso de traballos visados e sobre a identidade e colexiación habilitante noutros casos. O procedemento de tramitación colexial inclúe estas verificacións dos técnicos asinantes, polo que se evitará a solicitude e xestión de documentación adicional para a verificación deste extremo por parte do concello.

### **Segunda.-** Contido.

Habilitarase un mecanismo electrónico que permita aos concellos aos que dá soporte a Deputación, coa conformidade da persoa solicitante da licenza urbanística ou tramitación urbanística, así como dos técnicos redactores do traballo profesional vinculado, obter en formato electrónico unha copia da documentación técnica e administrativa tramitada para estes efectos no Colexio de Arquitectos.

Cando o concello obteña unha copia da documentación tramitada no COAG, eximirase ás persoas solicitantes da licenza urbanística ou tramitación urbanística da obriga de achegar dita documentación técnica en calquera outro soporte aos diferentes departamentos administrativos do concello. A incorporación da documentación obtida desde o Colexio de Arquitectos para a tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas, terá a mesma eficacia a efectos administrativos que a súa presentación vía rexistro por parte do promotor.

A documentación obtida desde o Colexio de Arquitectos atóparase clasificada desde o punto de vista da tipoloxía e natureza do expediente administrativo, así como estruturada conforme os diversos traballos e fases que poidan integrar o expediente, e toda ela asinada electronicamente polos técnicos redactores do traballo tramitado no Colexio de Arquitectos conforme ao modelo de tramitación normalizado que para os traballos profesionais dispón o Colexio en correspondencia coas disposicións legais vixentes de carácter xeral.

A Deputación da Coruña e o COAG analizarán conxuntamente a problemática que afecte a ambas institucións para a implantación e posta en funcionamento das accións previstas neste convenio. Para iso os servizos técnicos de ambas institucións manterán os contactos que se estimen oportunos, co fin de poder propoalas e poder homoxeneizalas.

### **Terceira.-** Obrigas da Deputación

1. Garantir a existencia da autorización das persoas solicitantes ou promotoras para a obtención da documentación dos traballos tramitados no Colexio de Arquitectos no contexto da tramitación de licenzas, comunicacións previas, declaracións



responsables e outras autorizacións administrativas. A tales efectos, a persoa solicitante da licenza ou tramitación urbanística, ao achegar no modelo normalizado a referencia ou código de visado da documentación técnica tramitada ante o COAG, autoriza e manifesta a súa conformidade para o acceso á referida documentación técnica.

2. Desenvolver e manter a solución tecnolóxica que permita a chamada aos servizos do COAG para obter a documentación precisa en cada caso.

3. Empregar os protocolos tecnolóxicos e as instrucións técnicas que se fixen para obter a documentación técnica do Colexio de Arquitectos.

#### **Cuarta.- Obrigas do Colexio de Arquitectos**

1. Dispoñer os medios e protocolos tecnolóxicos, así como recadar a autorización dos técnicos autores, co fin de que os concellos aos que dá soporte a Deputación poidan obter a documentación dos traballos tramitados no Colexio de Arquitectos, no contexto da tramitación de licenzas e outras tramitacións urbanísticas.

2. Realizar, no proceso de tramitación colexial, aquelas tarefas de tratamento e supervisión necesarias para garantir que a documentación subministrada se adecúa ao modelo de tramitación colexial vixente e aos requirimentos definidos para a súa tramitación en formato electrónico nos concellos aos que dá soporte a Deputación (non protección dos arquivos, tamaño máximo dos arquivos, introdución de marcas de auga, correcta orientación dos arquivos para a súa lectura, etc).

3. Asegurar o cumprimento da lexislación de sinatura electrónica definida na Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica así como no Regulamento 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de xulio de 2014, relativo á identificación electrónica e aos servizos de confianza nas transaccións electrónicas, ou normas que no futuro as substitúan, tanto na súas vertentes tecnolóxicas e xurídicas, como na adecuada correspondencia das sinaturas reflectidas na documentación coa identidade e función dos axentes intervenientes.

#### **Quinta.- Confidencialidade. Garantías técnicas.**

As partes garantirán a plena confidencialidade dos datos e a información obxecto deste convenio, en particular a referida a datos de carácter persoal, de conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, e obríganse a estableceren os mecanismos técnicos e informáticos necesarios e convenientes para evitar o uso indebido dos mesmos, así como a súa consulta ou copia non autorizada, fixando procedementos, métodos e controis apropiados. Os prestadores



de servizos de certificación admitidos deberán cumprir ademais as obrigas da Lei 59/2003 de 19 de decembro, de sinatura electrónica.

**Sexta.-Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a duración será de 4 anos, a partir do día da súa sinatura e poderá ser prorrogado por un período igual ao inicial, por acordo das partes con carácter previo a súa finalización.

No caso de que os servizos prestados polo Colexio á Deputación da Coruña descritos neste convenio, ou equivalentes, sexan proporcionados pola administración estatal ou autonómica á administración municipal través dos correspondentes servizos dispostos no nodo de interoperabilidade coas administracións públicas ou calquera outro sistema, este convenio perderá a súa vixencia.

**Sétima.- Mecanismos de seguimento, vixilancia e control de execución.**

Para avaliar o desenvolvemento do convenio de colaboración constituirase unha comisión de seguimento composta por dous representantes, a persoa da Deputación (completar) e a persoa que ostente a representación legal do COAG, ou aquelas persoas en quen deleguen a representación as institucións asinantes.

Esta comisión encargarse do seguimento das actuacións e avaliación dos resultados e desenvolverase durante toda a duración do convenio de xeito continuado.

A comisión poderá establecer as súas propias normas internas de funcionamento, reunirse cando o solicite algunha das partes; ostentará a prerrogativa de propoñer a interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

No caso de incumprimento das obrigas asumidas polas partes e cando as discrepancias non se poidan solucionar no seo da Comisión de Seguimento, poderase resolver o convenio, de conformidade co establecido no artigo 51 letra c) da Lei 40/2015.

**Oitava.- Xurisdición**

O presente documento ten natureza xurídica de convenio administrativo e, para o non previsto expresamente no mesmo, estarase ao disposto no capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A resolución dos conflitos derivados deste convenio corresponde, en última instancia, aos xulgados e tribunais da orde contencioso-administrativa.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**  
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Colexio Oficial de  
Arquitectos de Galicia

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia número 38767 de data 26 de novembro de 2020.

En proba de conformidade as partes asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA**

**A DECANA PRESIDENTA DO  
COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS  
DE GALICIA NO CONSELLO  
SUPERIOR DE ARQUITECTOS DE  
ESPAÑA**

**Fdo.: Valentín González Formoso**

**Fdo.: Elena Ampudia Aixendri**

**O SECRETARIO XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**Asdo. José Luis Almau Supervía**